

Varia

Joan Maragall en Galicia. Tres traducións galegas de “La vaca cega”

Joan Maragal in Galicia. “La vaca cega”: three translations galicians

Xesús ALONSO MONTERO

Universidad de Santiago de Compostela

[Recibido, xaneiro 2008; aceptado, febreiro 2008]

PALABRAS PRELIMINARES

Joan Maragall i Gorina (Barcelona, 1860 – 1911) aínda é un dos poetas máis lidos e amados dos “lletraferits” cataláns. Multitude de lectores teñen memorizado ou interiorizado poemas seus, entre eles “Cant espiritual” e “La vaca cega”. Maragall, considerado “el primer poeta clásico del siglo XX”¹, cultivou con autoridade e éxito outros xéneros, especialmente o ensaio; tamén destacou como tradutor.

Non estivo alleo Maragall ós escritores galegos: ademais de reseñar senllos traballos de Alfredo Brañas e Salvador Golpe, leu con moito interese a Curros Enríquez a quen consideraba, nunha carta de 1905, “un dels meus poetas predilectos, un dels més forts de la nostra Península en els temps modern”. En agosto de 1903, Maragall viaxou á Coruña, viaxe que suscitará unhas observacións curiosas sobre os nosos labregos e, especialmente, sobre os nosos mendigos².

MARAGALL NAS LETRAS GALEGAS

En canto ó nome e os textos de Joan Maragall, a súa fortuna, entre nós, foi escasa, moi escasa, antes de 1960, ano do centenario do seu pasamento. O 12 de marzo dese ano, a revista *Destino*, de Barcelona, dedicoulle un xeneroso número extraordinario no que colaboraron escritores e críticos valiosos e significativos (Azorín, Vicente Aleixandre, Josep Pla, Laín Entralgo, Joan Fuster...), entre eles, tres galegos: Ramón Otero

Pedrayo, Aquilino Iglesia Alvariño e Camilo José Cela. O artigo de don Ramón, “En el borde de la actualidad del poeta”, ostenta, como subtítulo, o celeberrimo verso final do “Cant espiritual”: “Sia’m la mort una major naixença”, verso grato ás conviccións fondas do escritor galego. Constitúe —penso— unha páxina antolóxica dentro dos escritos sobre a poesía de Maragall de quen afirma Otero: “Nadie como él amó la vida y lo trascendente en cada instante de la vida”.

O artigo de Otero Pedrayo, o de Cela (“Recuerdo de un poeta que nació hace cien años”) e o de Aquilino (“Unos pasos sin huellas”) foron reproducidos en *La Noche*, de Santiago (10-10-1960) nunha páxina que nos ofrece tamén a tradución galega, de X. L. Franco Grande, do “Cant espiritual”, poema que xa fora traducido a outros idiomas por moi importantes escritores: ó francés por Albert Camus e ó italiano por Eugenio Montale³.

Que eu saiba, antes do ano do centenario, só se publicaron en galego dous poemas de Maragall: “A vaca cega” (1917) e o “Himno da arbre froital” (*A Nosa Terra*, 1-3-1929). O autor das versións foi Xosé Iglesias Roura, prolífico tradutor nunha época en que eran moi escasas as traducións ó galego. Nun artigo necrolóxico, Eladio Rodríguez González fai esta valoración de quen, hoxe, está totalmente esquecido:

Poeta de corazón y de fibra, y gran conocedor de nuestro idioma, que para él no tenía secretos ni ofrecía dificultades, comenzó por traducir al gallego los más famosos poemas de los principales autores alemanes, italianos, franceses y catalanes; y estas tra-

¹ *Nou Dicionari 62 de la Literatura Catalana*, Barcelona, Edicions 62, 2000, p. 424.

² V. o meu artigo “Joan Maragall e Galicia”, *La Voz de Galicia*, 16-5-1972, reproducido no libro *Lingua, literatura e sociedade en Galicia*, Madrid, Akal, 1977, pp.265-68.

³ Reproducíronse no número de *Destino* citado.

ducciones, gustadas solamente por un reducidísimo círculo de amigos a quienes tímidamente las leía, fueron publicadas contra su voluntad en algunas revistas, merced a lo cual pudieron ser admiradas y elogiadas de todos, ya que ninguna desmerecía del original, y aun a veces lo superaban, al ser vertidas al gallego con una pureza de dicción y con un dominio de nuestro léxico, que no suelen poseer todos los que escriben en la lengua nativa⁴.

N’A *Nosa Terra* tamén se publicou en galego o artigo de Maragall “Portugal e Cataluña” (n.º 53, 30-4-1918). Quizais sexa o tradutor Antón Vilar Ponte, director da revista.

AS TRES TRADUCIÓN GALEGAS DE “LA VACA CEGA” (1893): 1917, 1972 E 1981

O conmovedor poema publicouno o autor, por primeira vez, na revista *L’Avenç* (Barcelona) o 15 de agosto de 1893 e, dous anos despois, apareceu no seu volume *Poesies* (1895). Miguel de Unamuno foi un devoto lector desta composición, tanto que lle confesa nunha carta:

“La vaca cega” hace tiempo que me la sé de memoria de puro leerla y recitarla a otros. Es una de las poesías más puramente poéticas que conozco (6-6-1900).

Non tardou don Miguel en traducila. Tradución que suscitou esta carta de Maragall:

Nunca había sentido tanto la hermandad de las lenguas castellana y catalana como en la traducción que me ha dado de mi *Vaca cega*. Es un portento. O es que cuanto más se ahonda en cualquier idioma, más se acerca uno a su profunda convergencia: y nada ahonda como la poesía. Además, hay entre nuestras dos lenguas la doble hermandad latina e ibérica. Sólo creo ha entendido mal una palabra: *embanyada*, que usted traduce *bañada* (mojada ¿no es cierto?) y quiere decir encornada, de cuernos, banyes, en catalán; pero, es claro, encornada no es castellano. También en el segundo verso podría haber un error... o no haberlo. Yo digo *arançant d’esma*... *Esma* es una palabra intraducible, creo, en castellano: quiere decir algo como vago sentido de orientación, estado subconsciente como el de la mujer que hace calceta pensando en muy otras cosas: *maquinalmente* se parece bastante, sin ser exactamente lo mismo. Lo que hay es que la vaca, al

avanzar *d’esma*, naturalmente ha de ir despacito, como usted dice, sabiendo ya quizá todo esto. Perdone tanta minucia: pero ¡la quiero tanto esta cosa de usted y mía! (26-11-1906)

Vexamos xa o texto orixinal de “La vaca cega”:

Topant de cap en una i altra soca,
avançant d’esma pel camí de l’aigua,
se’n ve la vaca tota sola. És cega.
D’un cop de roc llançat amb massa traça,
el vailet va buidar-li un ull, i en altre
se li ha posat un tel: la vaca es cega.
Ve a abeurar-se a la font com ans solia,
mes no amb el ferm posat d’altres vegades
ni amb ses companyes, no: ve tota sola.
Ses companyes, pels cingles, per les comes,
pel silenci dels prats i en la ribera,
fan dringar l’esquellot, mentres pasturen
l’herba fresca a l’atzar... Ella cauria.
Topa de morro en l’esmolada pica
i recula afrontada... Però torna,
i baixa el cap a l’aigua, i beu calmosa.
Beu poc, sens gaire set. Després aixeca
al cel, enorme, l’embanyada testa
amb un gran gesto tràgic; parpelleja
damunt les mortes nines, i se’n torna
orfe de llum sota del sol que crema,
vacil·lant pels camins inoblidables,
brandant llànguidament la llarga cua.

1. A tradución de Xosé Iglesias Roura, 1917

Publicouse por primeira vez no número 21 d’*A Nosa Terra* o 10 de xuño de 1917 e reproducíuse en “Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña *El Noroeste*” (12-11-1918). Nós ofrecemos esta edición, máis coidada graficamente⁵:

A VACA CEGA

Baténdolla na testa a relfa dos valados
e tropezando en todol-os petons do camiño,
marchando ô tino e soia, a probe vaca vella
vai abrevar no río.

—

Un coyo mal guindado foille sacar un ollo
e cubréuselle o outro d’unha tea: está cega.
Vai beber no reato onde adoito bebía
mais non co-as compañeiras,
nin co-aquel firme paso con que marchaba outrora;
a vaca vai sin guía
anda ô tino e vai soia.

—

⁴ “Letras de duelo / Don José Iglesias Roura”, Boletín de la Real Academia Gallega, n.º 228, 1-11-1930, pp. 273-74.

⁵ Aínda así, no inicio do primeiro verso, “Baténdolla” debe ser erro por “Baténdolle”, que consigna a 1.ª edición.

As irmáns po-los cómaros e prados e ribeiras
pacen a fresca herba facendo soar as chocas;
mais ela caería. Foi a bater co-os berlos
n’un aguzado seixo e cía recelosa,
mais volve e se abaixando hasta atopar-a auga
bebe d’ela, calmosa, bebe pouco sin sede.
Sobre as mortas meniñas palpebrexa e a testa
cara ô ceo co-un certo aire tráxico ergue;
orfa de luz desanda con paso cauteloso
pol-as corgas e sendas nunca d’ela esquecidas;
movendo a longa cauda, baixo d’un Sol que abura
vacilante camiña...

2. Tradución de Xesús Alonso Montero, 1972.

Publiqueina como apéndice do artigo citado na nota 2 (o 16 de xuño de 1972), data na que aínda non batera coa versión de Iglesias Roura. Coñecía ben, nesa altura, a versión castelá de Unamuno e as observacións que lle fixera o propio Maragall.

A VACA CEGA

Topenexando nun e noutro tronco,
camiñando outeona á percura da auga
vese a vaca tremendamente soia. É cega.
Dunha pedrada lanzada con xeito de máis
o rapaz vacióulle un ollo e no outro
púxoselle unha tea: a vaca é cega.
Vai beber á fonte como tiña por costume,
mais non co camiñar firme de outras veces
nin coas súas compañeiras, non: vai tremendamente soia.
As súas compañeiras por valgadas e corgas
no silencio dos prados e na ribeira
fan sonar os chocallos mentras pacen
a herba fresca sin coidado. Ela coiría.
Da co fuciño na afiada pía
e arrecúa aldraxada... Pero volve
e chega coa cabeza rente da auga e bebe calmosa.
Bebe pouco, casi sin sede. Logo ergue
ô ceo, enorme, a encornada testa
cun tremendo xesto tráxico; parpadexa
sobre as miniñas mortas, e retorna
orfa de luz baixo o sol que queima
movendo lánquidamente o rabo.

3. Tradución de Manuel Casado Nieto, 1981.

O escritor Casado Nieto (Castro Caldelas, 1912 – Barcelona, 1984) traduciu ó galego voces moi diversas (de algúns libros bíblicos a poemas de Salvador Espriu). Bo coñecedor do catalán, publica no *Faro de Vigo* o 7 de agosto de 1981 a súa versión de “La vaca cega”. Non sei se coñecía as anteriores (penso que non) pero é a máis poética das tres.

A VACA CEGA

Toupando encontra dun e doutro boxo,
andando ás atoutiñas cara a auga
vai a vaca ela soia, soia. É cega.
Cun cantazo atinado o pegureiro
valeiráralle un ollo, e no outro ollo
formóuselle unha nube: a vaca é cega.
Vai abrevar na fonte de costume,
mais non co firme paso doutras veces
nin coas súas compañeiras, non: vai soia.
Nun cómaro, nun corgo, as compañeiras
fan sonar os chocallos mentras pacen
herba fresca ao doután. Ela caeríase.
Dá co fuciño na afiada pía
e recúa aglaiada... Pero volve,
abaixa a testa á auga, e bebe amodo.
Bebe pouco, sin sede. Despóis ergue
ao ceo, inorme, a testa encornalada
cun gran tráxico aceno: perfebea
sobre as mortas meniñas, e retorna,
orfa de luz, baixo dun sol queimante,
á toa por camiños que n-esquece,
de vagar abalando o longo rabo.

Pero aconteceu que no obradoiro do *Faro de Vigo* o linotipista de turno cometeu un “lapsus” moi grave no último verso, o que desacougou non pouco ao tradutor, quen, semanas despois, escribe a Fernández del Riego, responsable das páxinas literarias do *Faro* nesa altura, nestes termos:

Barcelona, 22 de setembro do 1981
Sr. D. Francisco F. del Riego
Vigo.

Querido Paco:

Á volta dunha boa tempada no Castro de Caldelas atopo o “Suplemento Cultural” do “Faro”, no que se publica o sonado poema “La vaca cega” de Joan Maragall na miña versión galega. Gracias por termo enviado.

Pero acaece que no derradeiro verso o meu “de vagar” ou “devagar” (me non lembro de se o escribín xunto ou separado, pois os dous xeitos son igualmente valedeiros) convertíuse en “de cagar”. Nai que paríu á errata ou o que sexa! De seguro que ao gran Maragall é a primeira vez que lle pasa semellante cousa.

Coido que por respecto a Maragall compriría publicar de novo o poema enteiro cunha nota ao pé pedindo disculpa por certa errata, anque sin especificala, sin repetir a porca verba, que o poeta non usou endexamáis.

Tí non tes a culpa, naturalmente, ni cha boto.

Son cousas que acontecen.

Se fas a nova publicación, rógoche que me mandes tamén un exemprar.

Recibe, con Evelina, os nosos afectuosos saúdos. Unha aperta do vello amigo.

A rectificación, que eu saiba, non se publicou, pero o mecanoscrito do texto auténtico obra na biblioteca da Fundación Penzol (Vigo) coa signatura C-286/24. Foi unha forma, por parte do señor Fernández del Riego, de non faltarlle ó “respeito a Maragall”.

CONSIDERACIÓN FINAL

De poemas de Maragall traducidos ó galego despois de 1960 (ano da versión do “Cant espiritual” por Franco Grande), só sei de “O divino en xoves santo”, obra de Xesús González Forcés⁶, quizais o escritor galego que teña feito máis incursións, como tradutor, na poesía catalá do XX. Sorprende que Álvaro Cunqueiro, que chegou a traducir “12 poetas e catro autores anónimos”, segundo o cómputo de Xesús González Gómez⁷, nunca se interesase por Joan Maragall. Tamén sorprende que Maragall non figure entre os nove poetas cataláns do volume traducido ó galego por Manuel Casado Nieto coa colaboración do seu fillo Xoán Manuel Casado [*Mostra antolóxica de poetas contemporáneos (ingleses, franceses, italiáns e cataláns)*, Ediciós do Castro, 1981].

Manuel María, moi vencellado ás letras catalás, é autor dun poema titulado “Homenaxe a Joan Maragall”⁸, pero non traduciu ningún texto poético seu.

En canto a “La vaca cega”, ignoro se suscitou páxinas de crítica literaria. Non ignoro que esti-

vo presente en dous poetas importantes, un deles Aquilino Iglesia Alvariño, autor da composición “Aló en Lamanide”⁹, poema dun dramatismo —na opinión de Carballo Calero— que lembra “La vaca cega” de Maragall¹⁰. En efecto, o poema de Maragall gravitaba, sen dúbida, sobre o espírito de Aquilino no momento en que compuxo o seu. Debemos a Aquilino, ademais, unha interesante noticia que tamén é unha confesión:

La Cataluña poética estuvo representada para mi durante mucho tiempo por dos nombres: Verdager y Maragall. Una aspiración mística y una aspiración estética...

El nombre del primero me llega en ese aire luminoso que trae y lleva los nombres de los verdaderos poetas y en una docena de versos de los *Idilis y cants místics*... El del segundo, en lo mismo y en aquel “orfe de llum” de “La vaca cega”, que me recitaba entusiasmado Noriega Varela, uno de nuestros poetas verdaderos¹¹.

Non debo omitir outra referencia ó gran poema de Maragall: que a revista *P.A.N.* de Madrid, reproducíu o texto catalán no seu n.º 4 (abril, 1935). Cómpre lembrar que a dirixía un escritor galego, José Otero Espasandín, dunha exquisita sensibilidade para o universo zoolóxico.

Foi, pois, “La vaca cega” o poema de Maragall máis solicitado polos escritores galegos antes e despois de 1960. No presente traballo documental achego, co texto orixinal, as tres traducións galegas que coñezo, versións que revelan a fortuna desta composición entre nós. O presente traballo tamén revela que o Maragall de “La vaca cega” é o Maragall que máis interesou ós escritores galegos¹².

⁶ Faro de Vigo, 18-10-1970.

⁷ “Traducións de poetas cataláns por A. C. e outras curiosidades”, en Álvaro Cunqueiro e as amizades catalana. *Actas*, Ediciós do Castro, 2003, p. 148.

⁸ *Remol*, Bos Aires, Nós, 1970.

⁹ *Cómaros verdes*, Vilagarcía de Arousa, Ediciós Celta, 1947.

¹⁰ *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1975, p.745.

¹¹ Art. cit. en n. 3.

¹² Sorprende que n’*A Nosa Terra* anterior á Guerra Civil, que publicou algúns textos maragallianos, non se traducise ou comentase a “Oda a España”.